COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **15 de marzo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D.ª Ana María Villarino Pardo **DEPUTADOS/AS:** D.ª Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D.ª M.ª Teresa Cerdeira Valiñas D.ª Isabel Gil Álvarez D. Vicente Gómez García D. José Ignacio Gómez Pérez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez **SECRETARIO:** D. Francisco Cacharro Gosende **INTERVENTORA ACCTAL.:** D.ª Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o **15 de marzo de 2018**, ás 17:30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE FEBREIRO 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO DE LOCALIZACIÓNS NA PROVINCIA DESTINADO Á INDUSTRIA AUDIOVISUAL.-

O presidente da comisión dá conta do contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, di que le parece moi difícil poder coñecer a priori desde a administración cal podería ser a localización adecuada para unha película, porque o lugar máis anodino pode ser utilizado por un director para unha rodaxe e hai escenas famosísimas que foron gravadas en lugares que en principio non tiñan nada de especial. Cre por isto que a moción non ten moito sentido, porque parte de que nos arroguemos a capacidade de determinar que é o que poderían demandar os directores de cine no futuro.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que como alcalde cada ano o visitan dous ou tres directores ou produtores de cine, que buscan localizacións para rodaxes, e ao final todo queda en nada porque os directores escollen os lugares que lles gustan; ademais, sinala que existen aínda cuestións a ter en conta, que é que quizás os concellos terían que regular algúns aspectos, como por exemplo que a ocupación dos espazos públicos sexa gratuíta.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Elaborar un catálogo de localizacións na provincia de Ourense, tanto exteriores como interiores, para o sector audiovisual que inclúa, a modo de guía, todos os servizos e recursos necesarios para calquera produción (medios de transporte, aloxamento, restauración, tramitación de permisos, produtoras locais ou empresas de alugueiro de equipos ….) co asesoramento de profesionais do sector tanto en Ourense como en Galicia e España.

2º.- Tomando como base este catálogo, levar a cabo unha campaña de promoción de localizacións na provincia entre os profesionais de grupos de comunicación, produtoras e empresas vinculadas ao mundo do cine e da televisión, con atención ás compañías con

experiencia en coproducións internacionais, organizando unha visita para dar a coñecer, a modo de exemplo, os principais espazos e localizacións para producións audiovisuais.

3º.- Incluír na ICC Week e no Festival de Cine Internacional de Ourense, nas súas edicións de 2019, senllos apartados dedicados á promoción da provincia nese ámbito.

4º.- Solicitar o apoio da Xunta de Galicia, a través do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Ministerio de Cultura, para a difusión do catálogo.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.37 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.